

Elabora unha composición sobre as características dos movementos fascistas e as razóns que explican o seu éxito na Italia dos anos vinte e na Alemaña dos trinta. Usa na túa argumentación os datos que achegan os documentos que xuntamos para salientar a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento da segunda guerra mundial comparando:

- 1.1. A simboloxía e as características ideolóxicas do fascismo italiano e do nazismo alemán.
- 1.2. Os apoios económicos e sociais que recibiron ambos os dous movementos.
- 1.3. O proceso de constitución dun estado totalitario en Italia e Alemaña: a represión política e o terror en perspectiva comparada coa URSS de Stalin.
- 1.4. As características, os obxectivos e as consecuencias do intervencionismo os estados fascistas na economía: a autarquía no contexto da recesión económica internacional dos anos trinta do século pasado.
- 1.5. Os obxectivos e as consecuencias das políticas exteriores desenvolvidas pola Italia de Mussolini e a Alemaña nazi ata comezos da segunda guerra mundial.

Discursos de Benito Mussolini.

Docto. 1: “A doutrina do fascismo”: Para o fascista, todo se atopa no Estado e non existe nada humano nin espiritual fóra do Estado. Neste sentido o fascismo é totalitario. Se liberalismo significa individuo, fascismo significa Estado.

Docto 2: Discurso do Duce o 26-IX-1937:

“Fascismo e nazismo teñen os mesmos inimigos que serven ao mesmo amo: a III Internacional... Os dous cremos na vontade como forza que determina a vida dos pobos... Por iso rexeitamos as teorías do materialismo histórico ... Contamos coa mocidade á que mostramos as virtudes da disciplina, do valor, da tenacidade, do amor á patria, do desprezo pola vida cómoda ... Ningún réxime en ningunha parte do mundo goza do consenso que teñen os reximes de Alemaña e Italia: son as máis grandes e auténticas democracias que existen actualmente no mundo”.

Docto 3: O papel da muller en *Mein Kampf*: Na educación feminina darase a máxima importancia ao adestramento corporal; despois disto, ao desenvolvemento do carácter, vindo en derradeiro termo o cultivo da intelixencia. A educación da muller debe ter ante todo e sobre todo un fin absoluto: formar futuras nais de familia...

Existen tres categorías: cidadáns do Estado, súbditos do Estado e estranxeiros. A moza alemana é un «súbdito do Estado», pero o matrimonio fai dela unha cidadá. Nembargantes, a unha muller alemana, adicada aos negocios, poden concedérselle os dereitos da cidadanía.

Docto 4: Invocación escolar a Hitler.

¡Führer, meu Führer,
concedido a min polo Señor,
protéxeme e resgárdame mentres viva!
Ti salvaches Alemaña da máis profunda aflicción.
Hoxe douche as gracias polo pan cotián.

Está moito tempo xunto a min, non me desampares.

Führer, meu Führer, a miña fe e a miña luz!

Heil, mein Führer!

Doctos. 5: Opinións de alemáns sobre o réxime nazi.

5.1. **Gustav Krupp** (presidente do grupo de empresas Krupp, unha das máis importantes de Alemaña, usou como man de obra escrava a milleiros de persoas xudeas durante a Segunda Guerra Mundial): “Os que formamos a firma Krupp non somos idealistas senón realistas. Tiñamos a impresión de que Hitler nos ofrecería un desenvolvemento auténtico. Nesta loita implacable polo pan e o poder tiñamos necesidade dunha man forte e dura, e a de Hitler érao”.

5.2. Un **obreiro alemán**: “Sí, Hitler odiaba aos xudeos, pero eu estaba parado e atopei traballo; ademais, se te facías membro do Partido tiñas vacacións baratas e os teus fillos podían ir aos campamentos”.

5.3. Unha **obreira alemana**: “Eu non sei nada de política nin me interesa demasiado, pero o Führer fixo que tivera confianza no meu país; ó fin e ó cabo, só quería a grandeza de Alemaña”.

5.4. Testemuño da **cineasta Leni Reifenthal**: “Regresaba a Berlín da xira da miña película. En todas partes fixaban carteis anunciando que Hitler pronunciaría un discurso no Pazo de Deportes de Berlín... O Pazo estaba ateigado. Era difícil atopar sitio entre tantas persoas emocionadas e ruidosas... Finalmente, con retraso, apareceu Hitler, despois de que unha orquestra tocase unha marcha tras outra. A xente ergueuse dun salto dos seus asentos, berrando como fóra de sí: «¡Heil, Heil, Heil!»”.

Docto. 6: *Leis de Nuremberg* (15-IX-1935): “Prohíbense os matrimonios e as relacións extramatrimoniais entre xudeos e súbditos de sangue alemá plena ... Prohíbese aos xudeos engalanarse coas cores nacionais alemás. Poden facelo coas cores xudeas. O exercizo deste dereito está garantido polo Estado”.

Docto 7: Ordes para a represión económica sobre a poboación alemá de etnia xudea (1938):

- Peche das consultas de médicos xudeos antes do 30-IX.
- Contribución de mil millóns de marcos da comunidade hebrea ao III Reich: antes do 12 de novembro.
- Prohibición de ter comercios, negocios de transporte ou o exercizo de profesión independentes dende o 1-I-1939”.

Docto 8: Memorando segredo de Hitler ao alto mando da Wermarcht (VIII-1936):

“Estamos superpoboados e non podemos alimentarnos cos nosos propios medios ... A demanda de alimentos non pode ser satisfeita dende o interior da economía alemana ... A solución reside nunca extensión do <<espazo vital>>. A tarefa do mando político é resolver este problema ... Establezo o seguinte programa para a solución definitiva á nosa necesidade de sobrevivir: Alemaña deber ser levada, política e economicamente, a un estado de autosuficiencia ... En catro anos a economía alemana debe estar en condicións de soportar a guerra”.

Docto 9: H. Arendt: *As orixes do totalitarismo*:

«O terror segue sendo utilizado polos réximes totalitarios incluso cando xa acadaron os seus obxectivos psicolóxicos: o seu verdadeiro horror estriba en que reina sobre unha poboación completamente sometida. Alí onde é levado á perfección o dominio do terror, como nos campos de concentración, a propaganda desaparece por completo; quedou incluso enteiramente prohibida na Alemaña nazi. A propaganda, noutras palabras, é un instrumento do totalitarismo, e posiblemente o máis importante, nas súas relacións co mundo non totalitario; o terror, ó contrario, constitúe a verdadeira esencia da súa forma de goberno».